

A biblioteca, como espazo creativo de aprendizaxes

Nestes últimos cursos temos feito obras para a ampliación e mellora do espazo que alberga a BE. Tiramos algúns tabiques para anexionar un corredor e posibilitar a iluminación natural; remozouse un dos antigos laboratorios (chan, paredes...) que xa se habilitara como aula de informática pero aínda tiña as paredes con baldosa branca.

Ó tempo estamos explorando novos avances na configuración da biblioteca escolar como "centro creativo das aprendizaxes".

Recunchos con ordenadores, xogos de mesa, escornaRa (robótica), construcións (lego e lego duplo), experimentos, pintura... Nisto andamos.

Cada día, todos os días do curso, queremos que a biblioteca escolar ofrezca recursos e oportunidades para a aprendizaxe: aprendizaxe guiada e, de forma paulatina, aprendizaxe autónoma. O obxectivo é a utilización plena dunha biblioteca renovada e a posta en marcha de proxectos que implican o uso extensivo de todos os recursos e posibilidades.



A idea é acoller todo tipo de actividades nas que o alumnado, profesorado e familias poidamos atoparnos para pensar, deseñar, facer, construír e aprender xunt@s, na liña dos "makerspaces" ou dos laboratorios de ideas.

Nun contexto de alfabetización múltiple (xa que tratamos de contemplar todo tipo de linguaxes na B.E: oral, escrita, icónica, audiovisual, artística...) a presente iniciativa está empeñada en apoiar a cultura da experimentación e investigación, dos robots e da linguaxe de programación.

2019. ANO INTERNACIONAL DAS LINGUAS INDÍXENAS E MÁIS DA TÁBOA PERIÓDICA DOS ELEMENTOS QUÍMICOS.

En 2019 cúmprense: 25 anos da publicación de Trece anos de Branca, de Agustín Fdez. Paz; 25 anos de A expedición do Pacífico, de Marilar Aleixandre; 25 anos de Asústate Merchel de Fina Casallerrey; 50 anos de Cambio en tres, de Carlos Casares; 200 anos do nacemento de Walt Whitman e 100 anos de nacemento de Joan Brossa.



<http://charcalibros.blogspot.com.es>



O BOLETÍN DA BIBLIOTECA

Equipo dinamizador da Biblioteca Escolar do CEIP Rosalía de Castro- Xinzo de Limia

Decembro do 2018- Boletín nº 11

"Os libros son abellas que transportan o pole da sabedoría dunha mente a outra" (James Rusell Lowell)

A BIBLIOTECA ESCOLAR:

- É un instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción de lectura (proxecto lector de centro), como centro de referencia de recursos de lectura, da información e da aprendizaxe.
- Como espazo que favorece ó alumnado, profesorado e familias poñendo á súa disposición libros informativos e de ficción así coma outros recursos informativos en soporte impreso, audiovisual e electrónico.
- Queremos que sexa cada vez máis unha biblioteca inclusiva que dea resposta ás necesidades de todo o alumnado no que atinxe á súa accesibilidade, ós recursos dispoñibles, ós equipamentos e ás actividades propostas.
- A súa utilización compete a todo o profesorado, a todas as áreas, etapas e niveis e a todos os programas nos que está inmerso o noso centro para o desenvolvemento do proxecto educativo.
- Tamén incorporamos ás familias co fin de implicalas na formación das lectoras e lectores; e a un grupo de alumnado voluntario con formación inicial, distribución de tarefas e coa supervisión do profesorado.



A IFLA (International Federation of Library Associations), o principal organismo internacional en materia de bibliotecas e documentación dita que a biblioteca escolar é unha contorna física e dixital de aprendizaxe na escola onde a lectura, o interese, a investigación, o pensamento, a imaxinación e a creatividade son centrais para a viaxe cara a información e o coñecemento dos estudantes; tamén cara o seu crecemento persoal, social e cultural.




"Non hai espectáculo máis fermoso que a mirada dun nen@ que le" (Günter Grass)

<http://charcalibros.blogspot.com.es>



Nadal, inverno, frío... Toca acubillarse ó redor do fogar, na compañía da nosa familia, cun fermoso libro nas nosas mans... Achegámosvos algunhas propostas. Despois do Nadal animádevos a traer ó cole algún dos libros recibidos como agasallo -dos que recomendamos ou outros- cos que faremos unha actividade de intercambio dentro da aula, na hora de ler.




Prelectores

		
<p>La ovejita que vino a cenar.</p> <p>Na casa do vello lobo famento sempre hai como cea unha miserable sopa de verduras. Pero unha noite chaman á porta da súa pequena cabana e resulta ser nin máis nin menos que unha pobre ovelliña que se perdeu. Unha entrañable historia de amizade.</p>	<p>Daniela Pirata</p> <p>Daniela soña con ser pirata no Caimán Negro. Pero "Orejacortada" e os seus piratas non parecen moi contentos coa idea. Daniela terá que pasar difíciles probas. Pero, ¿e se estes piratas non queren rapazas no seu barco?</p>	<p>Orejas de Bolboreta</p> <p>Mara é especial e nada nin ninguén conseguirá restarlle valor ás súas calidades porque a súa nai lle deu a clave para saír airosa de calquera crítica: autoestima, imaxinación e espontaneidade</p>




Primeiros lectores

		
<p>A montaña de libros máis alta do mundo</p> <p>Lucas estaba convencido de que nacera para voar. Ollaba os avións, intentaba fabricar ds de todo tipo...</p>	<p>Os esqueletos divertidos</p> <p>Tres simpáticos esqueletos saen unha noite a pasear e a asustar xente. Xogos e cancións nunha lectura terroríficamente divertida.</p>	<p>El león y el pájaro</p> <p>Un día de Outono, o león atopa a un paxaro ferido preto da súa horta. É o principio dunha gran amizade</p>




Lectores autónomos

		
<p>Barrios de Colores</p> <p>Uns desalmados escuros tiñan ido quitándolles cousas: empezaron polos bancos para sentarse na rúa, acabaron polas mismísimas cores do barrio.</p>	<p>Cuando las niñas vuelan alto</p> <p>Adriana, Jimena e Martina teñen grandes soños, pero a banda de Don "Nonoconseguirás" encheulles os petos de pedras para que non poidan voar... Martina é lixeira coma unha pluma. Encántalle voar dun lado a outro do seu cuarto facendo coma se fose unha avioneta. ...</p>	<p>O Lobo con botas</p> <p>Lobiño Feroz é o maior admirador do Gato con Botas, a estrela infantil de moda entre os animais do bosque. Todos queren vestir o seu sombreiro, empuñar a súa espada e calzar as súas botas, algo do que o tío de Lobiño se aproveita para facer negocio. Xogar seguirá a ser divertido canto teñan todo o que queiran? Un conto sobre o consumismo con lobos, gatos e xigantes...</p>

Lectores expertos

		
<p>Cuentos de buenas noches...</p> <p>Todas as nenas deberían medrar pensando que poden chegar a ser o que elas queiran. Había unha vez unha princesa... unha princesa? Que?! Había unha vez unha nena que quería chegar ata Marte.. De Frida Kalo a Jane Goodall, de Coco Chanel a Nina Simone, das irmás Bronte a Marie Curie, este libro narra as extraordinarias vidas de 100 mulleres valentes</p>	<p>Muriel</p> <p>A Muriel custáballe prender no sono, botaba de menos as conversas coa avoa e o tempo que pasaban xuntos. E os seus contos, os seus pasteis, as súas limoadas e os seus bicos máxicos que curaban calquera dor. Gañadora do Premio Merlín de Literatura Infantil 2017, «Muriel» foi definida polo xurado como «unha historia sedutora, onde conta cada palabra; un canto á imperiosa necesidade da cor; unha aventura entrañable, cálida e misteriosa».</p>	<p>Como tener ideas.</p> <p>Érase unha vez unha escritora que non sabía que escribir. Tiña todo o necesario para facelo: un ordenador, un enchufe que funcionaba, unhas zapatillas cómodas e bastante tempo. Pero ningunha das ideas que tiña lle parecía suficientemente entretida. Así comeza esta louca e divertidísima historia chea de sorpresas e personaxes inesperados .</p>

Para as nais, pais, mestres e titores ...

 <p>6 XOGOS DE MESA PARA MELLORAR A VELOCIDADE DE PROCESAMENTO.</p> <p>A velocidade de procesamento é o tempo que transcurre desde que aparece un estímulo ata que damos unha resposta. Considérase un aspecto clave na aprendizaxe; é unha habilidade que se pode exercitar e polo tanto mellorar.</p>	 <p>ANATOMÍA DA LINGUA. Antón Cortizas</p> <p>É posible un poemario sobre a lingua? É, e a máis pode ser fermoso, entretido, variado, reivindicativo, incitador, provocador e rebeldeiro.</p>	 <p>El cerebro del niño explicado a los padres De Ana Bilbao Autor de 'Cuál es el camino'</p> <p>Este libro explica o ABC do cerebro infantil e como aplicalo no día a día, para potenciar o desenvolvemento dos nen@s, tanto intelectual como emocional. Os últimos descubrimentos en neuropsicoloxía explicados con sinxeleza e con numerosos exemplos e consellos prácticos.</p>
---	---	---